

Biografía

Míriam Rodríguez Pérez - Chirimirimoya

Artista multidisciplinar, creativa, directora artística, cantante e actriz.

Licenciada en Belas Artes pola especialidade de Deseño gráfico e Audiovisuais, cun Máster en Animación Audiovisual e Libro Ilustrado pola Universidade de Vigo.

A súa traxectoria é bastante dispar, destacando:

Co-fundadora do desaparecido colectivo artístico “Cállate Zorra” (2004) baseado en accións en contra da violencia de xénero, e exintegrante do colectivo artístico “Cuadrante Norte” (2002-2004)

Deseñadora da marca corporativa e ilustracións do proxecto do *VeEspa Team* formado por estudantes de Aeronáutica e Telecomunicacións da EPSC-UPC de Barcelona, gañando o CANSAT LEEM-UPM 2008 coa fabricación e lanzamento de satélites na categoría Rocket Telemetry.

Seleccionada no IKAs-Art 2011 de Bilbao coa videocreación “PFM”

Dende o 2011 formou parte do equipo de animadores de stopmotion de Pascual Pérez (1967-2015), coñecido como “Pasku” ou “Hombre Sensato”, animador dos estudos Aardman, quedando finalistas co proxecto “Historia d’Este” nos premios Goya 2012.

Co-fundadora e exvocalista do grupo de música “Broken Peach” (2004-2011) e actualmente co-fundadora e musicobarista do pianobar literal e itinerante “Le BarLuthier” (2018-Actualidade).

Co-fundadora, directora musical e artística dos dous primeiros coroshows galegos “Allegreison” (2004-2009) e “Summus Lac” (2011-Actualidade)

Actriz na compañía teatral “O eido da pequena” (2017-Actualidade) e integrante da compañía de Commedia dell’Arte “Indignati” (2018-Actualidade)

REDES SOCIAIS

Míriam Rodríguez Pérez - Chirimirimoya

Artista multidisciplinar, creativa, directora artística, cantante e actriz.

Licenciada en Belas Artes pola especialidade de Deseño gráfico e Audiovisuais, cun Máster en Animación Audiovisual e Libro Ilustrado pola Universidade de Vigo.

Parte do corpo: Fosas nasais.